

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AUGAS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU300D).



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 25 unha serie de materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias, entre as cales se atopan o abastecemento de auga potable e a evacuación e tratamento de augas residuais, e no artigo 26 os servizos que, como mínimo, deben prestar os concellos. A obrigatoriedade de tales servizos establécese en función da poboación do municipio, aínda que o precepto sinalado establece un conxunto de servizos (entre os que se inclúen o abastecemento e a rede de sumidoiros) que deben ser prestados por todos os municipios.

Por outra banda, o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, configura a colaboración entre administracións como un principio para conseguir os obxectivos comúns nas políticas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia. Grazas a este marco de cooperación, nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un salto cualitativo na extensión territorial, entre outros, dos servizos de saneamento e depuración, ao que contribuíu, en gran medida, a mobilización de investimentos públicos para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio aos municipios no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos incidiron, sen dúbida, na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia.

Non obstante, constatouse e comprobouse durante todo este tempo que as singularidades e peculiaridades demográficas e xeográficas de Galicia dificultan non soamente a execución das infraestruturas hidráulicas senón tamén a súa xestión para a prestación destes servizos de forma axeitada. Para alcanzar a máxima calidade das nosas augas e que estes

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

servizos básicos de auga se presten con eficiencia e eficacia, as instalacións executadas deben ir acompañadas dunha adecuada xestión, explotación e mantemento.

No caso concreto dos servizos de saneamento e depuración, os estudos e análises realizados por Augas de Galicia a través dos denominados plans locais de saneamento, os plans directores e os labores de apoio aos concellos na explotación dos seus sistemas de saneamento indican que o funcionamento das redes de colectores son un aspecto clave para que estes servizos se poidan prestar dun xeito adecuado. A elevada pluviometría de Galicia, a proximidade de moitos sistemas de saneamento aos ríos ou ao mar ou a falta de control nas conexións ás redes existentes determinan a existencia de problemas de infiltracións nestes sistemas, que redundan nunha depuración pouco eficaz, consumos enerxéticos elevados e afectacións ambientais sobre os ecosistemas acuáticos.

Por estes motivos, considerouse necesario cooperar coas entidades locais a través de convocatorias de subvencións destinadas á execución de actuacións complementarias ás de dixitalización consistentes na realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, contribuíndo con estas actuacións á consecución dos obxectivos recollidos no Perte de dixitalización do ciclo da auga.

As auditorías municipais son un instrumento eficaz para a identificación dos problemas asociados á xestión das redes de saneamento. Identificar as principais entradas de augas brancas ou os puntos de alivio é o primeiro paso para mellorar o funcionamento dos sistemas de saneamento e poder programar actuacións que, sendo en moitos casos de pouca entidade, permitirán mellorar significativamente a prestación dos servizos e contribuír ao cumprimento dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

As auditorías municipais de saneamento redactadas para a detección de infiltracións e aprobadas polos concellos puxeron de manifesto as deficiencias detectadas e as propostas de medidas correctoras para a súa emenda, para as cales os responsables dos sistemas de saneamento adoitan precisar de axuda na súa execución. Este apoio ás entidades locais na mellora dos seus sistemas de xestión do ciclo da auga resulta fundamental para acadar os obxectivos establecidos no Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica (Perte) de dixitalización do ciclo da auga, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros, do 22 de marzo de 2022, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), compoñente 5, que ten como obxectivo a modernización do ciclo da auga e a mellora do estados das masas de auga en xeral, cumprindo co mandato da Directiva marco da auga (2000/60/CE) e da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



das augas residuais urbanas, todo isto consonte o disposto no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

No acordo da Conferencia Sectorial de Ambiente que tivo lugar o 24 de xullo de 2024 autorizouse a proposta de distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do Perte de dixitalización do ciclo da auga, compoñente 5, Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio orzamentario 2024.

En relación con este acordo de conferencia sectorial, conforme o establecido no Perte de dixitalización do ciclo da auga, trátase da segunda fase de repartición de 100 millóns de euros dos establecidos no compoñente 5, investimento nº 3, Transición dixital no sector da auga, do Plan de recuperación co fin de cumprir dous obxectivos complementarios, por unha banda, fomentar a dixitalización das administracións das comunidades autónomas e, en especial, aquelas que xestionan directamente o dominio público hidráulico e, por outro, fomentar a dixitalización do ciclo urbano da auga nos municipios menores de 20.000 habitantes.

Pola súa vez, asóciense os novos fitos CID #426 e #430, que deben estar finalizados antes do 30 de xuño de 2026:

- Fito CID #426, Posta en funcionamento de ferramentas para mellorar o coñecemento e o uso dos recursos hídricos, e para rexistrar as precipitacións e outros datos meteorolóxicos (vencellado ao obxectivo A).

- Fito CID #430, Actuacións en Perte para a dixitalización dos usuarios da auga (vencellado ao obxectivo B).

En relación coas actuacións para o segundo obxectivo (obxectivo B), isto é, fomentar a dixitalización do ciclo urbano da auga en municipios con unha poboación inferior a 20.000 habitantes, poderán executarse a través de actuacións de apoio ás entidades locais que permitan unha mellora da dixitalización dos seus sistemas de xestión do ciclo da auga urbana e que permitan diminuír as perdas de auga nos sistemas urbanos e a mellora da eficiencia enerxética das redes.

A consecución do obxectivo citado cuantificarase no caso que nos ocupa polo número de habitantes beneficiados pola posta en funcionamento de proxectos de dixitalización do ciclo de auga urbana, dentro do Perte para a dixitalización dos usos da auga.



Para que as actuacións obxecto das axudas sexan financiáveis é necesario que se refiran a sistemas de abastecemento e saneamento a municipios con poboación menor de 20.000 habitantes e deberán estar especificamente destinadas a acadar os obxectivos establecidos no Perte de dixitalización do ciclo da auga para a auga urbana: reducir perdas nas redes de pequenos e medianos municipios e/ou mellorar o control e a calidade das augas nas verteduras de augas residuais, aforro no consumo de auga e/ou incremento na garantía de subministración.

En particular, o Perte de dixitalización do ciclo da auga identifica, en materia de saneamento, desafíos relacionados co control do estado e calidade das augas, facendo énfase na necesidade de mellora da xestión das verteduras e, en especial, das descargas ao dominio público hidráulico dos sistemas de saneamento en episodios de choivas. Á vista dos resultados obtidos nas auditorías municipais, as entidades locais galegas non son alleas a estes desafíos. Por todo o exposto, considérase necesario cooperar coas entidades locais a través desta convocatoria de subvencións destinadas á execución de actuacións dirixidas a reducir as infiltracións no sistema de saneamento municipal, o que resultará nunha depuración de augas residuais máis eficaz, nunha redución dos consumos enerxéticos nos sistemas de bombeo e nas plantas de tratamento e nun menor número de descargas ao dominio público hidráulico en episodios de choivas, contribuíndo á consecución dos obxectivos recollidos no Perte. Esta resolución que agora se aproba ten a vontade de continuar na liña de colaboración iniciada coas entidades responsables de sistemas de saneamento en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, para que estas poidan xestionar coa maior dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as súas competencias nunha materia tan importante como é a prestación dos servizos de saneamento e depuración.

En consecuencia, e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación menor de 20.000 habitantes, e convocar estas subvencións para o ano 2025 (código de procedemento AU300D).

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



2. A finalidade das subvencións é axudar aos concellos responsables de sistemas de saneamento a executar actuacións para reducir infiltracións no sistema de saneamento municipal, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

Artigo 2. *Réxime de concesión*

A concesión destas subvencións realizarase en réxime de concorrència non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes de subvención presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nas bases reguladoras recollidas nesta resolución de convocatoria resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude correcta e completamente presentada e ata o esgotamento do crédito.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de saneamento que contén cunha poboación total inferior a 20.000 habitantes.

Para estes efectos, teranse en conta os datos de poboación dos concellos de acordo co establecido no Real decreto 1210/2024, do 28 de novembro, polo que se decláran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2024.

2. Para poder obter a condición de beneficiarios, todos os concellos solicitantes deberán:

a) Ter realizada e aprobada unha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións, con anterioridade á data de publicación desta resolución.

b) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

c) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, así como con Augas de Galicia no que incumbe ao canon da



auga e, se é o caso, ao coeficiente de verteduras, previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

3. Ningún concello poderá presentar máis dunha solicitude. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Artigo 4. *Actuacións subvencionables*

1. Serán subvencionables os investimentos realizados desde a data de publicación desta convocatoria de subvencións destinados á execución das actuacións incluídas na auditoría municipal das redes de saneamento que teña aprobada a entidade local, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A auditoría municipal da rede de saneamento aprobada polo concello debe contar cun plan de actuación para reducir as infiltracións na rede de saneamento municipal en que se recompila toda a información xerada, a análise e interpretación dos resultados obtidos, o inventario das deficiencias detectadas e as propostas de medidas correctoras para a súa emenda, priorizadas e valoradas técnica e economicamente.

b) As actuacións propostas deben recoller, como mínimo, que un 15 % do importe subvencionado será destinado a investimentos que permitan mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga e un mellor control e calidade das augas nas verteduras de augas residuais, aínda que esta previsión para a mellora da xestión dixital non estivera recollida no plan de actuación para reducir as infiltracións na rede de saneamento.

Estes investimentos que permitan mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga e un mellor control e calidade das augas nas verteduras de augas residuais poden ser, entre outros, do seguinte tipo: execución de actuacións que melloren a eficiencia e a monitorización do sistema, tales como instalación de medidores de caudal, sondas e/ou sensores para a medición de parámetros de calidade como pH, condutividade, turbidez, etc. que permitan identificar os puntos críticos do sistema e aqueles en que se precisa ter unha maior información e control; sensores de alivio; actuacións que melloren o coñecemento do sistema, tales como a elaboración de cartografía nun sistema de información xeográfica, a modelización hidráulica, modelación *building information modeling* (BIM), etc.; instalación ou mellora de sistemas de comunicación necesarios para unha mellor xestión do ciclo urbano da auga; elaboración, actualización ou mellora de plataformas, portais web ou sistemas de información que fomenten a comunicación dixital cos usuarios e a telexestión e telemando das instalacións.

CVE-DOG: vnfqoaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



2. Subvencionaranse tanto os investimentos realizados na execución de obras, como os gastos asociados a estas: honorarios de redacción do documento técnico, honorarios en materia de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial e honorarios na dirección dos traballos; o total dos honorarios pode ser de ata un máximo do 10 % da subvención.

3. En ningún caso se considerará gasto subvencionable, ademais dos gastos recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o imposto sobre o valor engadido ou outros impostos indirectos.

Artigo 5. *Crédito*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por un importe dun millón de euros (1.000.000 €) con cargo á anualidade 2025 e un millón cincocentos mil euros (1.500.000 €) con cargo á anualidade 2026, con fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.

Artigo 6. *Ampliación de crédito*

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Augas de Galicia publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 7. *Importe máximo das subvencións*

O importe das subvencións será do 100 % do investimento da actuación proposta, excluído o imposto sobre o valor engadido, co límite máximo de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) por solicitude, ata esgotar o crédito previsto nesta resolución.



Artigo 8. *Compatibilidade das subvencións*

1. Estas subvencións serán compatibles con outras axudas ou subvencións públicas que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas.

Consonte o previsto no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, as actuacións subvencionadas ao abeiro desta convocatoria poderán recibir axudas doutros programas e instrumentos da Unión Europea só se a dita axuda non cobre o mesmo custo.

Non poderán ser seleccionadas aquelas actuacións que na data da solicitude da axuda dispoñan de asignación en firme de fondos europeos no marco da programación orzamentaria vixente, ou que contén con financiamento da Administración xeral do Estado ao estaren incluídas nun convenio ou protocolo con esta.

2. Os concellos beneficiarios están obrigados a comunicar ás entidades concedentes a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta resolución.

3. A obtención de subvencións ou axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade subvencionada. Cando se produza exceso das subvencións ou axudas percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade e estas sexan compatibles entre si, o concello beneficiario deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, unindo as cartas de pagamento á correspondente xustificación.

O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que advirta o exceso de financiamento, exixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos.

Artigo 9. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 23 de abril de 2025 e rematará ás 14.00 horas do día 23 de maio de 2025.



Artigo 10. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades locais interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes e os trámites posteriores deberán estar asinados electronicamente pola persoa titular da presidencia ou da secretaría da entidade solicitante ou pola persoa en que estea delegada a competencia no momento da dita sinatura.

2. Os concellos solicitantes deberán marcar no recadro correspondente do dito anexo se solicitan ou non a concesión dun anticipo do 40 % do importe da subvención no caso de resultaren beneficiarios, segundo o previsto no artigo 22 desta resolución.

3. No formulario, que figura como anexo I desta resolución, declárase o seguinte:

a) Que o concello que solicita a subvención acepta as condicións e demais requisitos exixidos nesta resolución de convocatoria.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) O conxunto de todas as subvencións ou axudas das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto ou conceptos financiados ao abeiro desta resolución, e o compromiso de comunicar de inmediato cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



d) Que a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario 2023 foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes que regula esta resolución.

e) Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Que cumpre os requisitos que para poder obter a condición de beneficiario se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.

h) Que disporá de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal solicita a axuda.

i) Que conservará os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de 3 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do devandito pagamento, da operación.

j) Que manterá un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención.

k) Que se someterá ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de recuperación e resiliencia e ás actuacións da autoridade de control ou das entidades que actúen baixo a súa coordinación ou responsabilidade.

l) Que, para os efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, acepta a cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Neste sentido e de acordo co previsto no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a entidade beneficiaria declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular, o disposto nos números 2.d) e 3 do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, que se transcriben a continuación:

«Recadar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas encamiñadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar buscas e unha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos seguintes:

- a. O nome do perceptor final dos fondos;
- b. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- c. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, número 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- d. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do orzamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

«Os datos persoais mencionados no número 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren o artigo 15, número 2, e o 23, número 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

m) Que, para os efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, manifesta

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



o seu compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, e que adoptará as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, se é o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

n) Que, para os efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, se compromete a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente (DNSH, polas súas siglas en inglés, *Do no significant harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do PRTR e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas do Estado.

ñ) Que facilitará toda a información hidrolóxica xerada e, en especial, a relativa as condicións das verteduras de augas residuais.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Un documento técnico en que se describirá con suficiente grao de detalle a actuación para a cal se solicita a subvención. No suposto de que a actuación solicitada teña por obxecto a execución dunha obra, o dito documento, que estará asinado por un técnico competente, terá o seguinte contido mínimo:

1º. Unha portada onde se indique expresamente o título da actuación, a entidade solicitante, a súa poboación referida ao 1 de xaneiro de 2024, o prazo de execución das obras, o orzamento para coñecemento da Administración, o nome do técnico competente que asina o documento, a súa titulación e a data de redacción.

2º. Unha memoria descritiva onde se expliquen con claridade, e en epígrafes independentes, polo menos as seguintes cuestións: a problemática existente e a solución técnica adoptada, unha descrición das obras e as súas principais características, a adscrición das obras na auditoría municipal de saneamento aprobada polo concello, o orzamento das obras e o prazo de execución.

3º. Unha memoria xustificativa con, polo menos, os seguintes anexos: estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde; estudo de xestión dos residuos de



construción e demolición; coordinación con outros organismos e servizos; fotográfico; plan de obra; xustificación de prezos, e anexos de cálculos hidráulicos ou estruturais.

No caso de que non se consideren necesarios, xustificárase este aspecto no anexo correspondente.

4º. Planos (de conxunto e de detalle) que definan perfectamente a obra, coa precisión e o detalle suficiente para que se poida executar na súa totalidade. Deberán incluír polo menos os seguintes tipos: planos de situación xeral suficientemente descritivos para que permitan localizar as obras no territorio; plantas xerais que representen os principais elementos que forman parte da actuación; planos de detalle cun grao de desenvolvemento e escala suficiente para a súa compresión e execución.

5º. Prego de prescricións técnicas. Terase en conta o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre regras para o establecemento de prescricións técnicas xerais e particulares.

6º. Orzamento, incluíndo medicións, os cadros de prezos, os orzamentos parciais de cada capítulo, o orzamento de execución material como suma dos diferentes orzamentos parciais, o orzamento base de licitación de acordo coa normativa vixente e o orzamento para coñecemento da Administración.

7º. Desagregación dos importes correspondentes a investimentos que permitan mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga e unha mellor información e control sobre os seus usos. Este importe deberá ser, como mínimo, do 15 % do importe subvencionado.

b) Un documento económico da subvención que se solicita. Indicará xustificadamente:

1º. O importe total do investimento, incluíndo cando proceda o orzamento das obras e/ou instalación de equipamentos e, se é o caso, os gastos asociados a estas: honorarios de redacción do documento técnico, honorarios de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial e honorarios na dirección dos traballos.

2º. O importe subvencionable, entendido como a parte do orzamento total do investimento que se solicita con cargo á subvención.

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



c) Resolución do órgano competente da entidade local solicitante pola que se declare que a entidade está en disposición de executar as actuacións e está en posesión das autorizacións e permisos necesarios.

d) Copia da auditoría municipal das redes de saneamento para a redución de infiltracións aprobada polo concello con anterioridade á publicación desta resolución.

e) Resolución do órgano competente do concello pola que se aprobou a auditoría municipal de saneamento.

A falta de presentación da documentación indicada nas letras a), b), c), d) e e) do número 1 poderá ser obxecto de requirimento de emenda e aplicarse o previsto no artigo 15.2 desta resolución para o suposto de non atenderse ao requirimento.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades locais interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. O tamaño máximo previsto para a presentación electrónica de documentos é de 2GB por presentación.

5. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O procedemento que se seguirá para presentar documentación de gran tamaño pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia a través da seguinte ligazón https://sede.xunta.gal/axuda/preguntas-frecuentes?content=pregunta-frecuente_0068.xml

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa física que compareza como representante.
- b) NIF do concello solicitante.
- c) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- d) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que deba emitir a Consellería de Facenda e Administración Pública.
- f) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



g) Concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás entidades locais interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. Para a comprobación do cumprimento da obriga de remisión ao Consello de Contas da conta xeral das entidades locais correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, Augas de Galicia terá en conta os datos públicos que consten na páxina web oficial do Consello de Contas de Galicia, salvo que o solicitante achegue xunto coa súa solicitude outra documentación distinta que acredite o cumprimento da dita obriga.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado

CVE-DOG: vnfqoaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



endereço, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Publicación dos actos*

1. Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ampliación do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se concedan.

2. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web de Augas de Galicia (<https://augasdeg Galicia.xunta.gal>), a ampliación do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se conceden.

Artigo 15. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da entidade interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Órganos competentes e instrución*

1. A unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento será a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de Augas de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Revisadas as solicitudes e a documentación que se presente con elas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento requirirá o solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos precep-



tivos, coa advertencia de que, de non facelo, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, despois de que se dite resolución ao abeiro do artigo 21 desta lei.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou consellería competente en materia de facenda e da verificación do DNI/NIE.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa correcta e completamente presentada.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento poderá requirir os solicitantes para que presenten a información e/ou a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación das solicitudes presentadas.

4. Os requirimentos realizaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. O órgano instrutor será o encargado de verificar o cumprimento das condicións exixidas nesta resolución e no resto de normativa aplicable para poder ser entidade beneficiaria das subvencións.

Para tal fin, analizará as solicitudes presentadas e a documentación que se achegue.

6. En relación con aquelas solicitudes que estean completas e cumpran coas condicións exixidas, o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución en que consten esas circunstancias e que da información que ten no seu poder se desprende que os concellos propostos como beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución propondrá a inadmisión tanto das solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación como das solicitudes que non conteñan a documentación necesaria, con indicación das causas desta inadmisión.

CVE-DOG: vnfpqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Artigo 17. *Resolución, prazos e recursos*

1. O órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da Presidencia de Augas de Galicia, será a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia.

2. Unha vez realizada a proposta de resolución, o órgano competente para resolver ditará a resolución do procedemento.

A resolución acordará tanto o outorgamento das subvencións como a desestimación e a non concesión, por inadmisión, desistencia, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida.

3. O prazo para ditar a resolución do procedemento iniciado en virtude desta convocatoria será de tres meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen rexeitada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

5. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, ante o mesmo órgano, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto.

Artigo 18. *Modificación da resolución*

1. O órgano competente para a concesión destas subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os límites e os requisitos recollidos no artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A modificación da resolución nestes supostos non implicará o incremento do importe da subvención inicialmente concedida.

Artigo 19. *Aceptación*

1. As entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, de conformidade co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

Artigo 20. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir co obxectivo da subvención, iniciar a execución das actuacións para reducir as infiltracións na rede de saneamento municipal no ano 2025 e finalizalas con anterioridade ao prazo de xustificación da subvención.

2. Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.

3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

4. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



5. Proceder ao reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos nesta resolución.
- c) Incumprimento da obriga, de ser o caso, de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.
- d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou en calquera outro que resulte da normativa aplicable.

6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme o previsto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

8. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención.

9. Dispor de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.

CVE-DOG: vnfqoaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



10. Facilitar toda a información hidrolóxica xerada e, en especial, a relativa as condicións das verteduras de augas residuais.

11. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, á autoridade de control do MRR e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (UE) núm. 2021/241 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, e cando proceda, a Fiscalía Europea a exercer os dereitos que recoñece o artigo 129, número 1, do referido regulamento financeiro.

12. Conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de 3 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do devandito pagamento, da operación.

13. Adoptar as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicándolles, de ser o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

14. Respetar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente (DNSH, polas súas siglas en inglés, *Do no significant harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do PRTR e non incorrer en dobre financiamento.

15. Cumprir cos requisitos que figuren no Manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na web do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible (<https://sede.transportes.gob.es/>), en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.

Así mesmo, cumprir coas obrigas de comunicación e publicidade segundo o establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro. Os beneficiarios da subvención de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «finan-



ciado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida na epígrafe de identidade visual da web do Plan de recuperación, transformación e resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda, dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

Artigo 21. *Contratación*

1. As entidades beneficiarias poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da actuación subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración concedente.

2. A tramitación dos expedientes de contratación que proceda será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, e serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

3. En todo caso, deberá observarse o establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A entidade beneficiaria deberá acreditar, de ser o caso, as ofertas recibidas xunto coa documentación xustificativa da subvención e xustificar a elección entre as ofertas presentadas.

A elección deberá realizarse consonte criterios de eficiencia e economía e, con carácter xeral, recaerá na proposta económica máis vantaxosa. De non recaer nesta, deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección do/da adxudicatario/a.

Artigo 22. *Pagamento anticipado*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados das subvencións reguladas nesta resolución, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os pagamentos anticipados supoñen entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas e o seu importe será do 40 % do importe da subvención concedida.

2. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución do órgano competente para ditar a resolución do procedemento e no momento de ditarse esta, naqueles supostos en que o dito pagamento anticipado se tivese solicitado no anexo I.

3. O pagamento do anticipo será realizado por Augas de Galicia unha vez que a entidade beneficiaria acepte expresa ou tacitamente a subvención e sen necesidade de solicitude previa pola entidade local.

4. Conforme o disposto no artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias.

Artigo 23. *Xustificación e pagamento da subvención*

1. O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa da subvención concedida será o 31 de marzo de 2026, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



2. As entidades locais beneficiarias deberán achegar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia o anexo II desta resolución, en que expresamente se declarará:

a) Se solicitou ou lle foron concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales lle foi concedida esta subvención, con indicación do importe e a súa procedencia, se é o caso.

b) Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria da subvención.

3. Xunto co anexo II deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e, en concreto, os beneficios obtidos na redución de infiltracións. Estará asinada por técnico competente e reflectirase graficamente a situación previa á execución das obras e o estado con posterioridade á súa execución, a través de planos e fotografías, os principais fitos no avance destas, e acreditarase que as actuacións subvencionadas foron executadas conforme a documentación técnica presentada na solicitude.

Esta memoria recollerá as actuacións destinadas a investimentos que permitan mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga e unha mellor información e control sobre os seus usos, cuxo importe non poderá ser inferior ao 15 % do importe subvencionado.

Augas de Galicia poderá requirir a mellora da memoria xustificativa presentada se non recollese a información requirida para o informe xustificativo final de cada actuación prevista no número 4.8 do anexo do Acordo da Conferencia Sectorial de Ambiente, do 24 de xullo de 2024, polo que se autoriza a proposta de distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do Perte de dixitalización do ciclo da auga, compoñente 5, Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio orzamentario 2024.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo interventor da entidade local, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.



No caso de que a subvención fose concedida consonte un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na epígrafe anterior e a documentación acreditativa do pagamento, consonte o disposto no artigo 51 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

3º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

c) Conta xustificativa que recolla o previsto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

d) Documentación acreditativa de ter realizado a publicidade axeitada (fotografías dos carteis informativos, publicidade a través de páxina web, exemplares da documentación escrita, etc.) que xustifique ter dado cumprimento ás obrigas establecidas en materia de información e comunicación, sobre apoio procedente de fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia tal como reflicte o artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e o artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

e) Certificado de ter cumprido durante a execución das actuacións subvencionadas o principio de non causar dano significativo (DNSH), nos termos previstos no artigo 27 desta resolución.

4. Augas de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007,

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 45.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Augas de Galicia, de atopar conforme a documentación xustificativa, proporá o libramento dos fondos, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 24. *Incumprimento das obrigas*

1. O órgano concedente poderá revogar a concesión da subvención se a entidade beneficiaria incumpre as condicións impostas con motivo da súa concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na restante normativa que sexa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Aos concellos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no VI do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a



información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. Medidas antifraude, corrupción e conflito de intereses

1. En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

2. É de aplicación ao procedemento recollido nesta resolución o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>

https://augasdeg Galicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste procedemento, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, á disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema integrado de atención á cidadanía onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola Administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

CVE-DOG: vnfoqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle se poderán denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta en que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimamente mediante tecnoloxías da información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos números 2.3.2 e 2.3.3 do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

Artigo 27. *Análise sistemática do risco de conflito de intereses no procedemento de concesión de subvencións no marco do PRTR*

Esta convocatoria está suxeita a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses prevista na disposición adicional centésimo décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar aos beneficiarios a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de Minerva. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do Minerva, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar do solicitante, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión.

Artigo 28. *Principio de non causar dano significativo (DNSH)*

De acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, o Mecanismo só apoiará aquelas medidas que respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio *do no significant harm*, DNSH).

A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de non causar prexuízo significativo que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

Os requisitos técnicos que hai que cumprir para garantir o respecto a este principio nas actuacións do compoñente 5 son os seguintes:

a) No uso dos equipamentos tecnolóxicos seleccionaranse os mellores dispoñibles pola tecnoloxía existente en canto ao consumo de enerxía.

b) Os equipamentos cumprirán cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos de acordo coa Directiva 2009/125/CE para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas, e de acordo co Regulamento (UE) 2019/424 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen requisitos de deseño ecolóxico para servidores e produtos de almacenamento de datos de conformidade coa Directiva 2009/125/CE.

c) Nestas adquisicións activaranse medidas para asegurar a compra daqueles equipamentos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co Código de



conduta para ICT da Comisión Europea, e tomaranse medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.

d) Na selección de equipamentos tecnolóxicos terase en conta a reciclabilidade dos seus compoñentes.

e) Os equipamentos utilizados non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo.

f) Ao final da súa vida útil, os equipamentos someteranse a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuados, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento.

g) Na execución das actuacións garantirase que, polo menos, o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo os materiais de orixe natural referidos na categoría 17 05 04 da Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/CE) xerados nas obras de construción se reutilizará, reciclará ou recuperará, incluíndo actuacións de recheo con residuos en substitución doutros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

h) Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos de construción e demolición, de acordo co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando demolicións selectivas que permitan separar e manipular de forma segura as substancias perigosas e que faciliten a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a separación selectiva dos materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para os residuos de construción e demolición.

i) O proxecto e as técnicas de construción serán compatibles coa circularidade e mostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas de avaliación da adaptabilidade das construcións, como se deseñaron para ser máis eficientes cos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Artigo 29. *Réxime de financiamento*

1. As actuacións que se prevén son susceptibles de ser financiadas ao 100 % pola Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, concretamente dentro da política panca II, Infraestruturas e ecosistemas resilientes, compoñente 5 (C5), Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos, investimento 3 (C5.I3), Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control da contorna dixital), fito nº 430, Actuacións en Perte para a dixitalización dos usuarios da auga.

Artigo 30. *Normativa aplicable*

O marco normativo básico, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente no relativo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, vén representado polas seguintes disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- f) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- g) Mecanismo de recuperación e resiliencia-NextGenerationEU: Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.
- h) Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



i) Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

j) Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

k) Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

l) Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia para España e anexo da proposta de Decisión de execución do Consello pola que se modifica a Decisión de execución do Consello (UE) (ST 10150/2021; ST 10150/2021 ADD 1 REV 1), do 13 de xullo de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (SWD(2023) 326 final).

m) Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

n) Acordo da Conferencia Sectorial de Ambiente, do 24 de xullo de 2024, polo que se autoriza a repartición territorial de fondos do Perte de dixitalización do ciclo da auga ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Delégase na persoa titular da Dirección de Augas de Galicia a competencia para resolver o procedemento de concesión de subvencións, a modificación da resolución e outras incidencias que poidan xurdir na súa tramitación, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CVE-DOG: vnfpqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Disposición adicional segunda. *Impugnación da convocatoria*

Contra esta resolución poderá interpoñerse, ante a presidencia de Augas de Galicia, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional terceira. *Perceptores dos fondos comunitarios*

As referencias aos beneficiarios recollidas nesta resolución deben entenderse tamén referidas ao perceptor final dos fondos no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), do Acordo da Conferencia Sectorial de Ambiente que tivo lugar o 24 de xullo de 2024, conforme o establecido no Perte de dixitalización do ciclo da auga e da normativa indicada no artigo 29 desta resolución.

Disposición adicional cuarta. *Compromiso de etiquetaxe verde e dixital*

En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as actuacións subvencionables ao abeiro desta convocatoria cumpren o compromiso de etiquetaxe verde e dixital nel previsto con base no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

As actuacións que se realicen corresponderanse coas seguintes etiquetas climáticas e dixitais:

a) Campo de intervención: 040 Xestión da auga e conservación dos recursos hídricos (incluída a xestión das bacías fluviais, medidas específicas de adaptación ao cambio climático, reutilización, redución de fugas). Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos climáticos: 40 %. Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos ambientais: 100 %.

b) Campo de intervención: 011 Solucións das TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións. Coeficiente para o cálculo da axuda á transición dixital: 100 %.



Disposición adicional quinta. *Identificación do perceptor final de fondos*

Para os efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, o beneficiario da subvención facilitará no anexo I os seguintes datos:

a) NIF do beneficiario.

b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.

c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

d) Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar o ámbito obxecto de xestión.

f) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración tributaria foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida na data de solicitude da subvención.

Disposición adicional sexta. *Contido mínimo das auditorías municipais das redes de saneamento*

Na páxina web oficial de Augas de Galicia (<https://augasdegalicia.xunta.gal>) ponse á disposición dos interesados un modelo de auditoría e protocolo de inspección de redes de saneamento para a detección de infiltracións e algunhas recomendacións para a súa elaboración.

As auditorías municipais das redes de saneamento aprobadas con anterioridade á publicación desta resolución que se presenten xunto coa solicitude deberán ter o contido mínimo que figura no dito modelo de auditoría.

CVE-DOG: vnfqoaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da resolución*

Facúltase a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: vnfqoaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77





ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS PARA REDUCIR AS INFILTRACIÓNS NAS REDES DE SANEAMENTO MUNICIPAIS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO AU300D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
IDENTIFICACIÓN			
ENTIDADE LOCAL		NIF	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN	
ACTUACIÓN PARA A CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN:	
IMPORTE TOTAL DAS ACTUACIÓNS (IVE EXCLUÍDO) (inclúe os importes de todas as actuacións, subvencionables ou non)	
IMPORTE TOTAL DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES (IVE EXCLUÍDO) (inclúe, excluíndo o IVE, só os importes das actuacións subvencionables, incluídas no plan de actuacións aprobado, encamiñadas a mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga, honorarios de redacción do documento técnico, importes de dirección de obra; e importes de dirección de seguridade e saúde).	
IMPORTES DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (100 % do importe total das actuacións subvencionables, excluído o IVE, e ata un máximo de 45.000 €)	
SOLICITA ANTICIPO DO 40 % DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:	
☐ SI ☐ NON	



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que o concello que solicita a subvención acepta todas as condicións e demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas, o concello solicitante:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña a entidade solicitante doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2023 foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes previsto na resolución de convocatoria.
5. Que o concello solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Que o concello solicitante cumpre os requisitos que para poder obter a condición de beneficiario se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que o concello cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.
8. Que o concello disporá de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que solicita a axuda.
9. Que o concello conservará os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de 3 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do devandito pagamento, da operación.
10. Que o concello manterá un sistema de contabilidade separado ou código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención.
11. Que o concello se someterá ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de recuperación e resiliencia e ás actuacións da autoridade de control ou das entidades que actúen baixo a súa coordinación ou responsabilidade.
12. Que o concello acepta a cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, nos termos establecidos no artigo 9.3.l) da resolución de convocatoria.
13. Que o concello manifesta o seu compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, que adoptará as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, e comunicará, se é o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados nos termos establecidos no artigo 9.3.m) da resolución de convocatoria.



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

14. Que o concello se compromete a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente (DNSH, polas súas siglas en inglés *Do no significant harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do PRTR e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas do Estado nos termos establecidos no artigo 9.3.n) da resolución de convocatoria.

Os requisitos técnicos que se cumprirán para garantir o respecto a este principio nas actuacións do compoñente 5 son os seguintes:

- a) No uso dos equipamentos tecnolóxicos seleccionaranse os mellores dispoñíbles pola tecnoloxía existente en canto ao consumo de enerxía.
- b) Os equipamentos cumpriran cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos de acordo coa Directiva 2009/125/CE para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas, e de acordo co Regulamento (UE) 2019/424 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen requisitos de deseño ecolóxico para servidores e produtos de almacenamento de datos de conformidade coa Directiva 2009/125/CE.
- c) Nestas adquisicións activaranse medidas para asegurar a compra daqueles equipamentos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co código de Conduta para ICT da Comisión Europea, e tomaranse medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.
- d) Na selección de equipamentos tecnolóxicos terase en conta a reciclabilidade dos seus compoñentes.
- e) Os equipamentos utilizados non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo.
- f) Ao final da súa vida útil, os equipamentos someteranse a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuados, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento.
- g) Na execución das actuacións garantirase que, polo menos, o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído aos materiais de orixe natural referidos na categoría 17 05 04 da Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/CE) xerados nas obras de construción reutilizárase, reciclárase ou recuperárase, incluíndo actuacións de recheo con residuos en substitución doutros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
- h) Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos de construción e demolición, de acordo co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición, considerando as mellores técnicas dispoñíbles e utilizando demolicións selectivas que permitan separar e manipular de forma segura as substancias perigosas e que faciliten a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a separación selectiva dos materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñíbles para os residuos de construción e demolición.
- i) O proxecto e as técnicas de construción serán compatibles coa circularidade e mostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas de avaliación da adaptabilidade das construcións, como se deseñaron para seren máis eficientes cos recursos, adaptables, flexíbles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

15. Que o concello facilitará toda a información hidrolóxica xerada e, en especial, a relativa ás condicións das verteduras de augas residuais.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Documento técnico en que se describa a actuación para cal se solicita a subvención, co contido mínimo previsto na resolución de convocatoria para o caso de que a actuación solicitada teña por obxecto a execución dunha obra.
- ☐ Documento económico da subvención que se solicita co contido mínimo indicado na resolución da convocatoria.
- ☐ Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se declara que a entidade está en disposición de executar as actuacións e está en posesión das autorizacións e permisos necesarios.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia da auditoría municipal das redes de saneamento para a redución de infiltracións aprobada polo concello con anterioridade á publicación desta resolución.			
☐ Resolución do órgano competente do concello pola que se aprobou a auditoría municipal de saneamento.			



ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DN/NIE da persoa física que compareza como representante	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF do concello solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Augas de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos, segundo o disposto no artigo 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU300D).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

AU300D – SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN PARA REDUCIR AS INFILTRACIÓN NAS REDES DE SANEAMENTO MUNICIPAIS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que o concello solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de entidade beneficiaria da subvención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e, en concreto, os beneficios obtidos na redución de infiltracións.
- ☐ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo interventor da entidade local, co contido indicado na resolución da convocatoria.
- ☐ Conta xustificativa que recolla o previsto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- ☐ Documentación acreditativa de ter realizado a publicidade axeitada nos termos establecidos na resolución de convocatoria.
- ☐ Certificado de ter cumprido durante a execución das actuacións subvencionadas o principio de "Non causar dano significativo" (DNSH), nos termos previstos na resolución de convocatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

de

de

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: vnfqaz2-8mb7-wcf2-o5f7-awvaop3xvg77

